

### **Os socialistas de Rábade presentan no vindeiro Pleno unha proposta de mellora das condicións das axudas ás familias para evitar a pobreza enerxética e a exclusión social**

**As bases reguladoras destas axudas foran aprobadas polo Concello en maio do 2014 a proposta do Grupo Municipal do PSOE**

**A moción socialista consiste no cambio de redacción das bases no tocante aos prazos, para que ao remate de vixencia da axuda concedida estas familias podan volver a solicitala, evitando así os períodos de tempo no que non a reciben, feito que podería agravar enormemente a súa situación de risco de exclusión social**

**LUGO, 11 DE MARZO DE 2015.-** O grupo Municipal do PSOE de Rábade, levará ao vindeiro pleno unha moción para modificar e mellorar as bases reguladoras das condicións de acceso as axudas ás unidades familiares para evitar a pobreza enerxética e a exclusión social, que foran aprobadas, a proposta dos socialistas, en maio de 2014 e que entrou en vigor en xuño do mesmo ano.

Segundo os socialistas, a precaria situación na que se atopan moitas familias de Rábade obrígalles a recorrer a esta axuda que está destinada ao pago parcial dos recibos da vivenda habitual, así como a taxa da auga, recollida de lixo, a luz eléctrica e o IBI, de xeito que as familias se vexan menos afogadas polas facturas. Estas axudas, que poden ser entre o 30 e o 100% no caso da auga, lixo e luz e do 20 ao 75% no IBI, están destinadas ás unidades familiares nas que os membros se atopan en situación de desemprego, son pensionistas, menores de 30 anos, familias monoparentais ou que non superen o límite económico.

As circunstancias económicas polas que estas familias están en situación de precariedade non pareceron variar moito, situación que promoveu que os socialistas reclamen a necesidade de reformular o texto desta normativa no tocante aos prazos de solicitude da axuda. Na redacción actual considerase o prazo dun ano dende a finalización da axuda concedida para que os beneficiarios podan volver a solicitala. A proposta socialista consiste no cambio deste prazo para que ao remate de vixencia da axuda concedida podan volver a solicitala, evitando así os períodos de tempo no que non a reciben, feito que podería agravar enormemente a súa situación de risco de exclusión social.

Os socialistas solicitan tamén unha modificación do mínimo de antigüidade de empadramento no Concello para poder ser beneficiarios desta axuda, que pasaría dun ano a seis meses.